

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 25 DE NOVEMBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Salvaterra de Miño de varias estradas e treitos antigos de titularidade autonómica, así como do seu dominio público viario asociado.
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da senda na AC-305, treito: Casilla-Araño-Burés, no concello de Rianxo.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do Fondo de Asistencia Social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para a renovación e o acondicionamento da pista do estadio de atletismo situada no Campus Vida, cun investimento de catrocentos noventa e cinco mil setecentos sesenta e un euros con noventa e nove céntimos (495.761,99 €), IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación do acordo marco, suxeito á regulación harmonizada, do servizo de elaboración,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

produción e plan de medios da campaña de promoción dos recursos naturais, culturais e gastronómicos de Galicia, tramitado por procedemento aberto, tramitación anticipada e pluralidade de criterios; cun orzamento de licitación, con IVE de seis millóns novecientos quince mil euros (6.915.000 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscrición, a superación do límite do 80 % do importe conxunto para os pagamentos anticipados e á conta, a superación do límite do 50 % para os pagamentos anticipados de subvencións de capital e a exención de garantías para a realización de pagamentos á conta e anticipados do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e o Instituto Tecnolóxico de Galicia, por importe dun millón cento cincuenta e nove mil setecentos euros (1.159.700 €), para a regulación da subvención por importe de cincocentos setenta e nove mil oitocentos cincuenta euros (579.850 €) relativa á adquisición de equipamento e desenvolvemento de obra civil para a posta en marcha da infraestrutura de investigación Galaxy-Lab.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co Concello de Pontedeume para a execución da obra de mellora do sistema de saneamento en Ver, termo municipal de Pontedeume (A Coruña), por importe novecentos cincuenta e sete mil novecentos sesenta e oito euros con sesenta e dous céntimos (957.968,62 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Confederación de Reitores das Universidades do Suroeste Europeo para a redacción do Plan reitor da proposta Stellae 5.0 Patrimonio cultural dixital vinculado ao Camiño de Santiago, por importe total de cincuenta mil euros (50.000 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga para o ano 2022 do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Deputación Provincial da Coruña para a atención de menores no centro residencial Fogar Infantil Emilio Romay na Coruña. Importe total: cento sesenta e dous mil novecentos cincuenta e dous euros con corenta e tres céntimos (162.952,43 €).

MOCIÓNS E PROPOSTAS

- Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo do 25 de novembro de 2021: Día internacional da eliminación da violencia contra a muller.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre as bases para a concesión de axudas relativas ao Plan galego de transición cara a unha mobilidade eficiente (Renove Automoción).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a planificación das actuacións de conservación e restauración de ecosistemas terrestres e da súa biodiversidade para o ano 2022.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre o segundo Plan estratéxico da Cidade da Cultura 2021-2027.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a situación do VIH-Sida en Galicia 2021, en relación co día mundial da sida.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a declaración formal do estatuto de rexión libre de tuberculose bovina para Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a resolución das ordes de axudas convocadas en 2021 ás organizacións de produtores pesqueiros recoñecidas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (Orde do 25 de xuño de 2021 e Orde do 30 de xullo de 2021).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO DA TOTALIDADE DE CATRO ESTRADAS AUTONÓMICAS E DE CATRO TREITOS ANTIGOS

- O cambio de titularidade está previsto no convenio asinado entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello para reordenar e completar o viario municipal e abrir a rúa Galicia, que suporá un investimento autonómico de 500.000 €
- Transfírense as estradas PO-420 (Taboexa-Vilacova), PO-430, que vai a Leirado, a PO-432 (Salvaterra-río Miño) e a PO-433, que vai a Cabreira
- Tamén se inclúe a transferencia de varios treitos antigos das estradas PO-403, PO-404, PO-409 e PO-420
- O Concello asume a titularidade das vías e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Salvaterra de Miño da totalidade das vías autonómicas PO-420 (Taboexa-Vilacova), PO-430, que vai a Leirado, a PO-432 (Salvaterra-río Miño) e a PO-433, que vai a Cabreira.

Neste acordo inclúese, ademais, a transferencia, na súa totalidade, de varios treitos antigos das estradas da Xunta PO-403, PO-404, PO-409 e da PO-420.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Salvaterra de Miño asinaron un convenio de colaboración para reordenar e completar o viario municipal e abrir a rúa Galicia. Co fin de acadar un funcionamento da rede viaria máis acorde coas necesidades do municipio, debe materializarse a transferencia das citadas estradas, así como do seu dominio público viario asociado.

Neste convenio, a Xunta asume o financiamento íntegro desta actuación, que mellorará as conexións na vila e a mobilidade dos veciños, grazas a un investimento autonómico de 500.000 euros.

Pola súa banda, o Concello de Salvaterra de Miño comprométese a aceptar a titularidade de varios treitos de estradas autonómicas. A entidade local asumiu tamén a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

realización dos trámites expropiatorios, a redacción do proxecto e a contratación e execución das obras.


A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UNHA NOVA SENDA NA AC-305, QUE CONECTARÁ A CASILLA, O ARAÑO E BURÉS, NO CONCELLO DE RIANXO

- Esta actuación, cun investimento de preto de 400.000 euros, fomenta a mobilidade alternativa e a diminución do tráfico rodado entre os núcleos de Burés e A Casilla
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará a obra entre finais deste ano e principios do vindeiro, para a súa execución en 2022
- O itinerario suma algo máis de 1,3 km e consta dun primeiro treito con inicio en Burés e fin nos Xens, e un segundo que comeza en Contrés e finaliza na Casilla
- A senda seguirá a liña de bordo actual da estrada e reducirá ou ampliará a beiravía para igualala en toda a actuación e acadar un itinerario de 2 m de ancho, favorecendo os desprazamentos a pé e o acceso ás paradas de transporte público
- O Goberno galego continúa impulsando a construción de novos itinerarios co obxectivo de dotar os veciños de vías que lles permitan facer os seus desprazamentos cotiás de xeito máis cómodo, seguro e sustentable

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para a construción dunha nova senda peonil na estrada autonómica AC-305, no treito A Casilla-O Araño-Burés, en Rianxo.

A Xunta de Galicia investirá preto de 400.000 euros neste itinerario, que se executará na marxe dereita desta vía autonómica, coa finalidade de fomentar a mobilidade alternativa e acadar unha diminución do tráfico rodado motorizado diario que actualmente existe entre os núcleos de Burés e A Casilla. Neste orzamento inclúese o pagamento dos 27 predios necesarios para levar a cabo esta actuación.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará a execución das obras entre finais deste ano ou principios de vindeiro, para a súa execución en 2022. Os traballos contan cun prazo de execución de seis meses.

Esta actuación de mellora da seguridade viaria é susceptible de financiamento a través dos fondos React UE.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A intervención proxectada polo departamento de Infraestruturas da Xunta prevé desenvolver este novo itinerario en dous tramos. O primeiro deses tramos dispórase entre os puntos quilométricos 9+960 e 10+760, partindo do núcleo de Burés, a seguir da beirarrúa actual, e finaliza no lugar dos Xens, conectando a nova senda coa xa existente. O segundo tramo, entre os puntos 12+510 e 13+020, comeza en Contrés e finaliza no lugar da Casillae e dá continuidade á senda peonil actual.


Nesta contorna xa hai sendas ou beirarrúas, pero entre Burés e Os Xens e entre Contrés e A Casilla, aínda existindo vivendas contiguas á estrada, actualmente non hai espazo para o tránsito peonil seguro.

Para a execución dos novos treitos da senda, que suman algo máis de 1,3 quilómetros, tomouse como referencia a liña do bordo actual da estrada. Deste xeito, redúcese ou amplíase a beiravía para igualar ata os 50 centímetros en toda a actuación. A partir de aí realízase a ampliación da plataforma ata acadar unha senda de 2 metros de ancho e, nalgún treito, dispón unha rigola de 30 centímetros, ademais dun bordo de formigón.

A nova senda favorecerá os desprazamentos peonís, un mellor acceso ás paradas de transporte público e a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro.

O Goberno galego segue a impulsar a construción de novas sendas co obxectivo de dotar os veciños de itinerarios que lles permitan facer os seus desprazamentos cotiáns de xeito máis cómodo, seguro e sustentable.

Mapa da situación das actuacións:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APROBA O COMPLEMENTO EXTRAORDINARIO PARA OS 37.000 PERCEPTORES DE PENSIÓNS NON CONTRIBUTIVAS

- Investirá preto de 8 millóns de euros nesta axuda que beneficia un colectivo que o necesita moi especialmente
- O ingreso realizaráselles de oficio a partir de finais do mes de decembro a todos os beneficiarios que reúnan os requisitos e ascenderá a 206 euros por persoa
- Está destinada aos pensionistas de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, a persoas anciás e enfermas con incapacidade e ás persoas con discapacidade que perciben o subsidio de garantía de ingresos mínimos
- Galicia foi das poucas comunidades que mantivo de xeito ininterrompido durante os últimos anos este complemento, que non é obrigatorio

O Consello da Xunta aprobou o complemento extraordinario para os 37.000 perceptores de pensións non contributivas da nosa Comunidade. Unha axuda destinada aos pensionistas de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, a persoas anciás e enfermas con incapacidade para o traballo e beneficiarias de axudas periódicas e ás persoas con discapacidade que perciben o subsidio de garantía de ingresos mínimos.

O Goberno galego investirá preto de 8 millóns nesta axuda que beneficia un colectivo que o necesita moi especialmente. O ingreso realizaráselles de oficio a finais do mes de decembro a todos os beneficiarios que reúnan os requisitos e ascenderá a 206 euros por persoa.

Galicia foi das poucas comunidades que mantivo de xeito ininterrompido durante os últimos anos este complemento, que non é obrigatorio, senón que son as propias comunidades autónomas as que deciden o seu mantemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA PARTICIPARÁ NA RENOVACIÓN DA PISTA DE ATLETISMO DA USC A TRAVÉS DUN CONVENIO DE MEDIO MILLÓN DE EUROS

Grazas a esta actuación, a pista contará coas condicións de dimensión e pavimento mínimas para acoller probas internacionais

O Consello da Xunta de Galicia acaba de acordar o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para a renovación e o acondicionamento da pista do estadio de atletismo situada no Campus Vida, cun investimento de preto de medio millón de euros (495.761,99 euros).

Máis polo miúdo, a Xunta de Galicia achegará o 35 % do orzamento global (173.516,99 euros), a mesma contía ca a Deputación Provincial da Coruña, mentres que o Concello de Santiago de Compostela sufragará o 30 % restante (148.728,60 euros). A execución o e o remate das obras contratadas terá como data límite o 31 de marzo de 2022. Unha vez executadas as obras, corresponderá á USC a xestión, o mantemento e a conservación das instalacións deportivas, e correrán da súa conta a totalidade dos custos que en concepto de persoal, adquisicións de bens, servizos ao exterior e outros conceptos deriven delas.

Na actualidade a pista de atletismo presenta unha considerable deterioración na súa superficie, debido ao uso e ao tempo transcorrido desde a súa execución -o actual pavimento foi colocado en 1998-, o que fai necesaria a renovación tanto do propio pavimento, a dos elementos que compoñen a pista, así como a clasificación e a homologación necesaria para o seu uso.

Os traballos que se van executar serán actuacións previas, revestimentos, marcaxes e sinalización, firmes, equipamentos deportivos (placas de sinalización regulamentarias, bordo de aluminio, círculo de lanzamento de peso, dobre círculo de lanzamentos de disco e martelo, saneamento das táboas de batida, táboas de batida completa, fosos de caída, arranxo da ría de obstáculos, obstáculo da ría, saneamento da plataforma da pértiga, saneamento dos círculos de lanzamento de peso, disco e martelo; caixa de pértiga máis tapa e postes de chegada), seguridade e saúde, xestión de residuos e control de calidade e homologación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Precisamente, grazas a esta actuación, a pista acadará a homologación IAAF clase 2, coa cal poderá acoller campionatos galegos, nacionais, así como probas internacionais de carácter básico, sempre que se cumpran outros requisitos exixidos.

Cómpre salientar a aposta decidida da Xunta polo atletismo galego nun ano tan importante no cal a federación cumpre cen anos e en que se acadou a primeira medalla olímpica da historia. Deste xeito, cómpre destacar a pista cuberta de Expourense, na cal a Xunta xa investiu 4,3 millóns de euros; a licitación do módulo cuberto de atletismo en Ribeira e da primeira pista homologada da Mariña, en Cervo, para o ano 2022; así como o módulo cuberto do Ifevi, que no día de hoxe remataba o prazo de presentación de ofertas para a licitación das obras.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA LANZARÁ UNHA GRAN CAMPAÑA PARA PROMOVER O XACOBEO, POTENCIAR GALICIA COMO DESTINO SEGURO E APOIAR O SECTOR TURÍSTICO

- O Consello da Xunta aprobou hoxe un plan de promoción que se estenderá entre os anos 2022 e 2023 e que servirá de continuación á campaña 'Camiña a Galicia'
- A nova campaña, dotada de case 7 M€, vai destinada a reforzar o pulo turístico de Galicia cando se está a consolidar a recuperación desta actividade na Comunidade galega grazas ao éxito da anterior edición, que permitiu consolidar a imaxe de Galicia como destino seguro e acadar bos resultados turísticos neste ano
- Trátase de chegar a diferentes segmentos da poboación e atraer visitantes e peregrinos de cara á celebración do segundo ano do Xacobeo 21-22

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de promoción do turismo galego e do Xacobeo, que ascende a 6,9 millóns de euros co obxectivo de achegar a diferentes segmentos da poboación a mensaxe dun destino seguro e atraer visitantes ao longo dos anos 2022 e 2023. O plan servirá de continuidade á campaña 'Camiña a Galicia', que contribuíu a acadar bos resultados turísticos neste ano.

Cando xa se teñen rexistrado máis de 174.000 peregrinos ao longo do ano 2021, superando as previsións de 140.000 para todo o ano, e cando os rexistros turísticos de Galicia do pasado verán constatan a recuperación dos niveis de ocupación anteriores ao ano 2020 e mesmo un incremento, a Xunta de Galicia lanzará unha gran campaña de promoción para promover o segundo ano do Xacobeo 21-22, potenciar Galicia como destino seguro e apoiar o sector turístico galego.

Así, o balance da actividade turística en Galicia evidencia, non só un progresivo regreso á normalidade, no que aos niveis de oferta dispoñible e de demanda se refire, se non que se recupera de tal maneira que se superan, por riba, as cifras do pasado ano e, nalgúns casos concretos, os niveis de 2019, previos á pandemia. Isto reflíctese nas grandes magnitudes de afluencia turística e de comportamento dos diferentes mercados emisores.

En setembro, consolidouse o ritmo de recuperación do verán: preto de 460.000 viaxeiros aloxados e case 933.000 noites. No acumulado do ano, Galicia leva rexistrados 3,2 millóns de viaxeiros e 7,1 millóns de noites.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes datos da reactivación do turismo e do Camiño son resultado do traballo levado a cabo pola Xunta tanto coa campaña de promoción *Camiña a Galicia* ou coa posta en marcha de medidas para recuperar a confianza dos viaxeiros, como o seguro coronavirus e a implantación dos protocolos anticovid nos establecementos turísticos, nas rutas xacobeas e nos albergues.

Con estas premisas e tendo en conta que o Ano Xacobeo aínda se estenderá a 2022, a Xunta de Galicia quere seguir incentivando a demanda de visitantes e peregrinos cara a Galicia e postular o desenvolvemento da recuperación da actividade económica relacionada coa hostalaría e co sector turístico.

Por todo isto, propónse o desenvolvemento dunha grande acción de comunicación do destino Galicia e do Camiño de Santiago que sexa quen de alcanzar o meirande número de público que lle permita a Galicia posicionarse coma un dos mellores lugares para visitar no vindeiro ano.

O período de execución deste plan de promoción prolongarase durante 12 meses entre os anos 2022 e 2023. Mentres o acordo marco ten unha vixencia ampla, prevense, polo menos, cinco fases da campaña de impacto autonómico e nacional centradas no Xacobeo 21-22; nas tempadas de verán e outono do próximo ano e na de primavera de 2023; e unha parte interna dirixida a concienciar sobre a necesidade de dar unha boa acollida aos visitantes durante o Ano Santo.

Estas fases son estimativas e non vinculantes, xa que se irán adaptando ás circunstancias, á evolución da demanda turística e ás necesidades de comunicación de cada momento, co obxectivo de optimizar as campañas para que sexan o máis beneficiosas posibles para o sector turístico galego.

Procedemento aberto

A adxudicación do acordo marco para esta iniciativa realizarase por un procedemento aberto e adxudicarase aos tres licitadores que acaden a maior puntuación. Posteriormente, estes licitadores competirán presentando as súas ofertas para poder seren adxudicatarios en cada un dos contratos que deriven das distintas campañas específicas.

As campañas incluírán anuncios en televisión, radio, prensa, revistas e edicións dixitais; así como en exteriores, a través de soportes urbanos ou autobuses.

Este acordo marco incluírá os custos da estratexia, investigación, planificación, execución, xustificación e avaliación das campañas en medios de comunicación durante a súa vixencia; así como o custo da adquisición de espazos publicitarios en todos os soportes que se determinen.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA E O INSTITUTO TECNOLÓXICO DE GALICIA COLABORARÁN NO DESENVOLVEMENTO DUN ESPAZO DE INVESTIGACIÓN NA CIDADE DAS TIC PARA O USO DE DRONS NO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E PASAXEIROS EN ZONAS URBANAS

- O Consello da Xunta de Galicia aproba un convenio ao cal a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación, achegará preto de 580.000 euros para a posta en marcha da infraestrutura Galaxy-Lab
- Esta iniciativa contribuirá ao fortalecemento e desenvolvemento das capacidades competitivas do Polo Aeroespacial de Galicia
- As actuacións previstas permitirán ás empresas e aos centros de investigación realizar ensaios con drons nunha contorna urbana, en condicións de seguridade
- O acordo inclúe obras de acondicionamento e reforma, o equipamento necesario, así como as licenzas para realizar as probas

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, deu paso á sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain) e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), para a posta en marcha da infraestrutura Galaxy-Lab na Cidade das TIC da Coruña.

Trátase dunha iniciativa que complementará o labor que se realiza no Polo Aeroespacial de Galicia. De feito, significará que en Galicia se poida impulsar a experimentación con vehículos aéreos non tripulados. En concreto, posibilitará ampliar as capacidades competitivas do Polo Aeroespacial ao sumar esta infraestrutura orientada ao transporte de mercadorías e pasaxeiros en medios urbanos. Coa súa posta en marcha contribuirase a reducir as dificultades que afrontan as empresas que precisan realizar ensaios con drons en contornas urbanas para poderen desenvolver innovacións neste eido.

Para garantir estes ensaios faise necesario contar con instalacións e equipamentos que cumpran coa normativa de seguridade. Por iso, este convenio -ao cal a Gain achega 579.850 euros para un investimento total de 1.159.700 euros- inclúe varias actuacións. Por unha banda, o acondicionamento e as reformas dun dos edificios da Cidade das TIC para a construción dunha zona habilitada para vehículos de engalaxe e aterraxe vertical (VTOL), así como o desenvolvemento da rede de seguridade precisa. Tamén se inclúe equipamento específico para labores de vixilancia, comunicación, navegación e control,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

entre outras. Así como as licenzas necesarias para a realización de probas de experimentación.

Esta nova infraestrutura permitirá seguir experimentando e avanzando en cuestións como o despregamento de sistemas e servizos U-Space, o axuste dos sistemas de xeoposicionamento e de detección de drones, ou a coordinación cun espazo aéreo controlado real. Tamén posibilitará a realización de probas e demostracións comerciais.

O desenvolvemento de Galaxy-Lab enmárcase na folla de ruta prevista no Polo Aeroespacial de cara ao 2025 e vén sumarse a outras actuacións xa postas en marcha como o proceso de compra pública precomercial do programa de I+D para sumar novos socios, a creación dunha contorna de simulación U-Space no aeródromo de Rozas ou o convenio co Consorcio Aeronáutico Galego para o impulso dun observatorio.

Deste xeito, a Xunta segue avanzando no seu obxectivo de posicionar Galicia como un actor global e un referente no sector aeroespacial. Desde a posta en marcha do Polo Aeroespacial xa se mobilizou un investimento público-privado de 164 millóns de euros, desenvolvéronse 59 proxectos de I+D coa participación de máis de 50 empresas e centros de coñecemento, contou coa participación de 937 profesionais e creáronse ou aceleráronse 24 novas empresas.

Na nova etapa do Polo Aeroespacial de Galicia, o Goberno galego xa ten comprometidos 70 M€ co obxectivo de consolidar a pegada industrial ao redor do sector aeroespacial, a proxección internacional a través da comercialización de novos produtos e tecnoloxías innovadoras e a xeración de emprego cualificado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO NOS NÚCLEOS DE VER E DE BOEBRE CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 958.000 €

- Trátase de eliminar as verteduras procedentes destes núcleos, para o cal se construíra unha nova estación de bombeo en Ver e unha nova rede de colectores e impulsión, tamén unha nova estación depuradora en Boebre
- Segundo a colaboración técnico-financieira autorizada hoxe, a Xunta comprométese a financiar integramente as actuacións e a contratar e executar as obras, que contan cun prazo de execución de seis meses
- O Concello deberá pór á disposición os terreos necesarios, tramitar as autorizacións para as obras e asumir posteriormente as actuacións realizadas
- Esta actuación súmase ás obras da Xunta para a mellora do saneamento arredor do esteiro do Eume, nos concellos de Cabanas e de Pontedeume, en distintas fases e cun investimento global de 8,6 M€
- O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades municipais dun xeito eficiente

A Xunta de Galicia colaborará co Concello de Pontedeume para executar as actuacións necesarias para a mellora do sistema de saneamento municipal nos núcleos de Ver e de Boebre, cun investimento autonómico de 958.000 euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnico-financieira entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e o Concello de Pontedeume para executar unha nova estación de bombeo en Ver e unha nova rede de colectores e impulsión, así como a construción dunha nova depuradora de augas residuais no núcleo de Boebre.

No cumprimento do obxecto da colaboración autorizada hoxe polo Goberno galego, a Administración hidráulica da Xunta asume integramente o financiamento das actuacións destinadas á eliminación das verteduras incontroladas ao medio procedentes dos núcleos de Ver e de Boebre.

Augas de Galicia levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, mediante esta colaboración, o Concello de Pontedeume asume a posta á disposición e xestión dos terreos necesarios. Tamén asume a obriga de conseguir as

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

autorizacións necesarias para a execución dos traballos, de recibir as obras, así como o seu mantemento e conservación, empregando as instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

Unha vez autorizada hoxe esta colaboración técnico-financeira, Augas de Galicia procederá á licitación destas actuacións, que teñen un prazo de execución de seis meses.

As obras estarán cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/2020.

Antecedentes e obxecto do proxecto

Actualmente, as augas residuais xeradas na aglomeración de Ver desembocan directamente na praia de Ver mediante unha conducción de vertedura ao mar, en condicións deficientes e sen ningún tipo de tratamento previo. Así mesmo, a aglomeración de Boebre dispón dun sistema de saneamento que dirixe as súas augas cara a unha fosa de formigón, situada próxima á zona de punta Camoucedo, cuxo obxectivo é realizar un tratamento primario ás augas residuais antes da súa vertedura ao mar.

Para resolver esta situación, as intervencións obxecto da colaboración autorizada hoxe polo Executivo autonómico céntrase en dotar dunha solución de depuración ás augas residuais xeradas nas aglomeracións de Ver e Boebre acorde á normativa vixente.

A solución adoptada para a aglomeración de Ver trata de incorporar este núcleo de poboación ao sistema de saneamento da depuradora de Pontedeume. Así, o proxecto redactado pola entidade hidráulica da Xunta inclúe a implantación dun pozo de bombeo que impulse as augas residuais xeradas cara á estación depuradora de augas residuais de Pontedeume. Para iso, estas augas serán rebombeadas nos pozos de bombeo de Vizús e de Centroña, polo que se renovarán estes bombeos, para que se adapten á xestión dos novos caudais xerados na rede.

No núcleo de Boebre está prevista a execución dunha estación depuradora de augas residuais cunha capacidade de 50 habitantes equivalentes. Nas obras está proxectada, na situación da fosa séptica existente, a implantación dun sistema de tratamento *in situ* consistente nun pretratamento e un tratamento primario e un tratamento secundario de leitos bacterianos. A vertedura ao medio realizarase mediante un pozo filtrante.

Con estas actuacións da Xunta prevese dar servizo a unha poboación máxima na época estival de 1.967 habitantes equivalente no ano horizonte 2042.


COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta actuación vén sumarse ás obras de mellora do saneamento arredor do esteiro do Eume, nos concellos de Cabanas e de Pontedeume, que desenvolve a Xunta de Galicia en distintas fases, cun investimento global de arredor de 8,6 M€.

O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento da súa competencia e para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente.

Zonas das actuacións que se van executar:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

LUZ VERDE AO PROXECTO PARA QUE GALICIA LIDERE EN EUROPA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO PATRIMONIO DO CAMIÑO

- A Xunta e a Conferencia de Reitores da Rede Crusoe, integrada por 23 universidades e institutos politécnicos de España e Portugal, comezan coa redacción do Plan reitor da iniciativa *Stellae 5.0*
- Entre outras accións, prevese o lanzamento de formación académica especializada en patrimonio cultural dixital, así como fomentar o emprendemento neste eido
- Postúlase como unha das primeiras propostas que se situará no Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais (CEIPAC) do novo edificio Fontán

O Consello da Xunta de Galicia deu luz verde ao convenio entre a Xunta de Galicia e a Conferencia de Reitores da Rede Crusoe para comezar coa redacción do Plan reitor do proxecto *Stellae 5.0. Patrimonio dixital vinculado ao Camiño de Santiago*, co que Galicia liderará na macrorrexión do sur de Europa a dixitalización do legado cultural e patrimonial da Ruta Xacobeá. Será, ademais, unha das primeiras iniciativas que se situará no Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais do novo edificio Fontán.

Este convenio dá continuidade ao protocolo de colaboración asinado en xullo deste ano. Así, a Crusoe elaborará o plan reitor, coa execución dos traballos técnicos e de consultoría necesarios desta iniciativa, que aspira a fondos europeos e busca integrar a cidadanía e as universidades na cadea de valor do patrimonio cultural como actores imprescindibles, porá o foco na dixitalización do patrimonio arredor do Camiño de Santiago.

O documento establecerá as accións previstas, entre as cales inicialmente se inclúe lanzar unha formación académica especializada en patrimonio cultural dixital, en colaboración cos sectores industriais e pemes autonómicas. Tamén se prevé poder impulsar unha incubadora e aceleradora empresarial centrada no patrimonio cultural dixital, entre outras accións, e afondará nunha das maiores fortalezas de Galicia, o Camiño de Santiago.

Alianza coa Crusoe

Neste convenio, dotado con 50.000 euros, participan a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). A elaboración do plan correrá a cargo da Crusoe, grupo de referencia en materia de innovación, investigación integrada por 23 universidades e institutos politécnicos de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

España e Portugal. Séntanse así as bases dunha iniciativa que involucrará tamén universidades, institucións públicas, empresas privadas, cidadanía e terceiro sector, e convocarase o tecido empresarial galego, educativo e asociativo para participar no proxecto.

Stellae 5.0 encádrase nas directrices da Axenda Dixital Europea e na Axenda Dixital Europea como na Estratexia Dixital Galicia 2030, esta última posta en marcha pola Xunta de Galicia para converter a Comunidade galega como unha das rexións intelixentes europeas de referencia en dixitalización.

Ao abeiro desta estratexia, o Goberno autonómico desenvolve iniciativas como o proxecto *Memoria Dixital de Galicia*, que se alberga nas instalacións da Cidade da Cultura, para dixitalizar documentos e recursos e impulsar o desenvolvemento de novos servizos e contidos para a industria e o turismo cultural, así como potenciar o patrimonio para as actividades de investigación. O proxecto *Stellae 5.0* forma parte deste proceso de concentración da memoria cultural e da transición dixital dos recursos do patrimonio cultural vinculados ao Camiño de Santiago.

No marco desta estratexia, a Xunta de Galicia desenvolveu proxectos como *Galiciana*, que consta de máis de 1,7 millóns de páxinas e ao redor de 175.000 obxectos dixitalizados, que é xa unha referencia no eido da difusión cultural e da preservación do patrimonio. Tamén desenvolveu, entre outras, iniciativas como *Galicia Nomeada*, que difunde xunto coa Real Academia Galega, máis de 500.000 topónimos e mantén unha canle aberta de participación cidadá que ten rexistradas xa máis de 2.000 persoas usuarias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA PRORROGA O ACORDO DE COLABORACIÓN PARA O MANTEMENTO DO CENTRO DE ACOLLEMENTO FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY DA CORUÑA

A Xunta de Galicia ofrece 27 prazas en tres fogares residenciais: un para bebés de ata quince meses e dous para o acollemento de pequenos entre os quince meses e os 12 anos

O Consello da Xunta aprobou a continuidade do acordo de colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para o mantemento do centro de acollemento Fogar Infantil Emilio Romay, destinado á protección de menores. Unha colaboración que se leva realizando durante as últimas tres décadas e que se prorrogará no primeiro semestre de 2022.

Nestas instalacións, a Xunta de Galicia ofrece 27 prazas en tres fogares residenciais: un para bebés de ata quince meses e dous para o acollemento de pequenos entre os quince meses e os 12 anos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO, O DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

A violencia contra as mulleres é unha das violacións aos dereitos humanos máis xeneralizadas, persistentes e devastadoras do mundo; pero tamén é a forma máis extrema de discriminación, con graves consecuencias físicas, económicas e psicolóxicas para as mulleres a curto e longo prazo.

Por iso, como cada 25 de novembro, con motivo da conmemoración do Día internacional da eliminación da violencia contra a muller, a Xunta de Galicia amosa o seu firme compromiso coa erradicación de calquera tipo de discriminación que permita que esta violencia persista na nosa sociedade.

A Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller aprobada na Conferencia Mundial de Dereitos Humanos de 1993 foi o primeiro instrumento internacional que abordou de forma explícita a violencia exercida contra as mulleres e estableceu un marco para a acción nacional e internacional que foi evolucionando cada ano.

Previr e pór fin á violencia exercida contra as mulleres é un obxectivo prioritario e irrenunciable. Neste senso, leváronse a cabo accións que o tempo demostrou esenciais, como a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero; a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ou o Pacto de Estado contra a violencia de xénero do ano 2017.

Estas iniciativas marcaron un antes e un despois na concepción da violencia de xénero e posibilitaron identificala, dotar de recursos asistenciais o apoio integral ás mulleres vítima e traballar con tesón e contundencia na súa erradicación da sociedade. Unha concepción que se segue ampliando co consenso de todos os partidos políticos e de todas as forzas sociais.

Mostra deste avance cohesivo que segue a facer Galicia foi a aprobación no Parlamento, o pasado 13 de xullo de 2021, da modificación da Lei autonómica para recoñecer lexislativamente a violencia vicaria como outra forma máis de violencia de xénero; ou a aprobación, o 23 de novembro de 2021, da reforma desta mesma lei para incluír a violencia dixital na lexislación galega e así loitar contra as condutas violentas exercidas a través das novas tecnoloxías.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nun día coma o de hoxe, queremos lembrar a todas as vítimas da violencia de xénero, os seus familiares e amigos e todos aqueles que sofren as consecuencias destes ataques aos dereitos fundamentais que, por lei, ten todo ser humano. Pero especialmente queremos recordar a Mónica, a muller galega asasinada este ano nas mans da que era, naquel momento, a súa parella.

Tamén nos acordamos de todas as mulleres que seguen sufrindo en silencio calquera forma de maltrato. Romper o círculo da violencia machista é posible, ten porta de saída. Por iso, empezando polos poderes públicos, pedímoslle tamén ao tecido asociativo, e á sociedade no seu conxunto, que sexamos quen de mantela sempre aberta. Para que ningunha muller sinta nunca que está soa.

É imprescindible escoitar a voz e as experiencias das mulleres, das mozas e das nenas, para ter en conta as súas necesidades e perspectivas, especialmente as superviventes e aquelas que afrontan múltiples formas de discriminación. E por iso o Goberno galego alenta a toda a sociedade galega, desde a mocidade ata as persoas de maior idade, a manter o espírito de unidade para que, xuntas e xuntos, logremos acadar dunha vez por todas a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e a erradicación completa e absoluta da violencia de xénero.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APOIARÁ A ADQUISICIÓN DE MÁIS DE 1.000 VEHÍCULOS EFICIENTES QUE PERMITIRÁN AFORRAR EN GALICIA 300.000 EUROS AO ANO NA MOBILIDADE DE PARTICULARES, EMPRESAS E AUTÓNOMOS

- O Goberno galego aproba, por tramitación anticipada, as bases da convocatoria do programa Renove Automoción, que foi consensuado co sector e que conta cun orzamento de 2,5 M€
- Os apoios favorecerán a mobilización directa de 26 millóns de euros, así como un aforro enerxético anual equivalente a 274.000 litros de gasóleo
- A convocatoria tramítase en réxime de concorrencia non competitiva con axudas que poden chegar a 4.600 euros por vehículo no caso de familias numerosas
- Complementa o programa Moves III, que está actualmente vixente e que se destina á compra de vehículos eléctricos e infraestruturas de recarga

A Xunta de Galicia porá en marcha unha nova edición do programa Renove Automoción, o Plan galego de transición cara a unha mobilidade eficiente, co que agarda apoiar a adquisición de ao redor de 1.100 vehículos enerxeticamente eficientes por parte da cidadanía e das empresas.

Cun investimento de 2,5 M€ –máis do triplo ca na anterior edición– agárdase mobilizar 26 millóns e favorecer unha redución de custos de 300.000 euros anuais na mobilidade, así como un aforro enerxético equivalente a 274.000 litros de gasóleo. Ademais, reduciranse as emisións de CO₂ equivalentes á acción de plantar 36.000 árbores. Entre os obxectivos, polo tanto, está promover a substitución de vehículos de certa antigüidade –o parque móbil galego ten unha media de 14 anos– por outros novos e eficientes que reduzan a emisión de gases de efecto invernadoiro e melloren a calidade do aire.

A través destes apoios aprobados no Consello da Xunta por anticipado de gasto, pódense beneficiar tanto particulares –que poderán adquirir un único vehículo– coa súa residencia habitual en Galicia, como autónomos e empresas con domicilio social ou centro de traballo na Comunidade, que poderán mercar un máximo de 10 unidades. A convocatoria inclúe a adquisición de vehículos novos –turismos e furgonetas– cun custo inferior ou igual a 40.000 euros. Será requisito imprescindible que o adquirente titular do novo vehículo acredite a baixa definitiva da circulación dun vehículo de polo menos 10 anos que vaia para a chatarra, no caso dos turismos, e de cinco anos, no das furgonetas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As axudas, de concorrencia non competitiva e que se tramitarán a través das entidades colaboradoras, oscilarán entre os 3.000 e os 4.000 euros segundo o tipo de vehículo, dos cales a Xunta achega 2.000 e 3.000, respectivamente, e o concesionario 1.000. A cantidade increméntase nun 20 % para as familias numerosas, polo que os apoios poden acadar os 3.400 e 4.600 euros.

O prazo para solicitar as axudas comeza o 17 de xaneiro do próximo ano pero as entidades colaboradoras –concesionarios ou puntos de venda situados en Galicia– poden adherirse desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Trátase da terceira edición deste programa que, ata o momento, destinou un total de 1,8 millóns de euros para apoiar a adquisición de 759 vehículos.

Pola súa vez, o Renove Automoción, que foi consensuado co propio sector, promove a recuperación económica, reducindo os custos enerxéticos dos fogares, pero tamén das empresas que poden ver mellorada a súa competitividade. A economía dinamízase a través do impulso das vendas de vehículos, un eido no cal as matriculacións se reduciron preto dun 35 % en Galicia no pasado mes de outubro e acumula unha baixada do 13 % no que vai de ano.

Moves III

Esta nova convocatoria do Renove Automoción complementa ao plan Moves, un programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica que xestionan as comunidades autónomas e que tamén cumpre a súa terceira edición. Neste caso, apoia a adquisición de vehículos eléctricos e de infraestruturas de recarga.

Tanto o Renove Automoción como o Moves III teñen como obxectivo fomentar investimentos nunha mobilidade eficiente e sustentable que contribúa a unha redución de enerxía neste sector e a facer fronte ao cambio climático –o transporte representa o 31 % do consumo de enerxía final en Galicia–.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA MOBILIZARÁ MÁIS DE 25 M€ PARA AFIANZAR A RIQUEZA E OS VALORES DOS RECURSOS NATURAIS DE GALICIA

- Esta planificación bianual de conservación e de protección dos ecosistemas e a biodiversidade de Galicia pivotará sobre sete liñas de actuación, que contarán con fondos europeos e da Consellería de Medio Ambiente
- A Rede galega de Reservas da Biosfera acapará máis dun 25% do orzamento total –6,4 M€– para a posta en marcha de iniciativas que melloren, conserven e divulguen os recursos polos que estes ámbitos foron declarados
- Levaranse a cabo iniciativas como o programa *Mil Ríos*, para a restauración das marxes e bosques de ribeira en ríos das catro provincias ou a acción xunto co Principado de Asturias para a recuperación do Eo
- Os parques naturais e as zonas de Rede Natura 2000 tamén serán ámbitos prioritarios aos que se destinarán preto de 13 millóns de euros

A Xunta de Galicia mobilizará no ano 2022 un total de 25,3 millóns de euros para blindar a riqueza e os valores do patrimonio natural que atesoura a Comunidade galega.

O Consello accedeu ao contido da planificación bianual deseñada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para levar a cabo actuacións e accións que melloren o estado ecolóxico dos distintos espazos naturais.

En total, establécense sete liñas de actuación, financiadas con fondos europeos e da Consellería, para impulsar o desenvolvemento de accións en distintos ámbitos de Galicia, como os ríos, os parques naturais, a Rede Natura 2000 ou as reservas da biosfera entre os anos 2022 e 2023.

De feito, a Rede galega de reservas da biosfera absorberá máis dun 25% do orzamento total –6,4 millóns de euros–, para mellorar o estado das 700 hectáreas que suman as sete reservas declaradas en Galicia, na que está incluída a recentemente nomeada Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel. Entre outras medidas, a Xunta convocará tres liñas de axudas en función dos destinatarios das mesmas (órganos xestores, concellos ou entidades sociais e comunidades de montes), que poderán acceder a subvencións do 100% do custe dos proxectos que impulsen.

Outro dos proxectos destacados é *Mil Ríos* ao que se destinarán 5 millóns de euros ata o 2023. Este orzamento permitirá levar a cabo a recuperación dos cursos e marxes fluviais

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de ríos das catro provincias, para potenciar o bosque de ribeira autóctono e erradicar as especies invasoras presentes, ou a restauración das 37 hectáreas da lagoa de Cospeito.

Asemade, tamén se impulsará un proxecto transfronteirizo –xunto co Principado de Asturias- para conservar o corredor ecolóxico do río Eo, co fin de recuperar a vexetación propia neste curso fluvial e facer un seguimento da poboación do salmón atlántico.

Os parques naturais, as xoias da Galicia verde

O patrimonio verde de Galicia acada o seu grado máximo grazas aos seus parques naturais. Entre eles, salienta o Parque Nacional das Illas Atlánticas, ao que se destinará un orzamento de case 5 millóns de euros, para –entre outras actuacións– financiar un novo proxecto de mellora da depuración das augas residuais en Ons; a adecuación do subministro e instalacións eléctricas; e melloras nos sistemas de abastecemento de auga nos arquipélagos.

Así mesmo, blíndase unha partida de 2 millóns de euros para levar a cabo proxectos nos outros parques naturais, como por exemplo no das Dunas de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, onde se optimizará a dinámica natural da gran duna; no do Invernadoiro, co fin de recuperar o bosque autóctono e zonas de pastizal; e en Fragas do Eume, onde se recuperará a fraga autóctona.

A estes incentivos hai que engadir a partida de 1,4 millóns de euros que se mobilizará a través da convocatoria de axudas para actuacións de mellora e conservación, dirixidas a concellos, particulares e empresas da zona de influencia dos parques.

Outra das liñas estratéxicas está pensada para actuar nos ámbitos incluídos na Rede Natura 2000, cun primeiro proxecto concretado na lagoa da Frouxeira en Valdoviño e na praia de Morouzos en Ortigueira, para mellorar en ambos casos a dinámica do sistema dunar, así como a recuperación dos hábitats que acubillan nos mesmos.

A isto hai que sumar, como no caso dos parques naturais, os 2,4 millóns de euros que se destinarán á convocatoria de axudas para actuacións de mellora e conservación, dirixidas a concellos, particulares e empresas das zonas Rede Natura 2000.

Por último, o Goberno galego defende que non hai mellor protección que a divulgación e o coñecemento dos valores do patrimonio natural de Galicia, polo que tamén habilitará unha liña –con case 700.000 euros– para a difusión e posta en valor da biodiversidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA APROBA O II PLAN ESTRÁTEXICO DO GAIÁS CON 70 ACCIÓNS QUE MOBILIZARÁN 30 MILLÓNS PARA IMPULSAR O SECTOR CULTURAL

- O documento, que será presentado mañá no Parlamento de Galicia, marca a folla de ruta para o 2021-2027, unha nova fase que deixa atrás un período marcado polos proxectos construtivos para centrarse na expansión da actividade
- Esta nova estratexia fíxase como obxectivo chegar ao 2027 duplicando o valor social que a Cidade da Cultura achega á sociedade
- O plan prevé un incremento do 40 % no número de visitas que recibe este equipamento cultural, así como multiplicar por dous os eventos que acolle
- O Gaiás descentraliza a súa actividade e superará o límite dos seus espazos físicos para fornecer de contidos centros culturais de toda Galicia e de fóra da Comunidade
- Funcionará como plataforma de internacionalización das nosas creacións e como espazo de referencia para a experimentación ao redor das artes dixitais

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o II Plan estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia, a folla de ruta que marcará a dirección a seguir polo Gaiás nos próximos seis anos e que inclúe un arsenal de 70 accións e prevé un investimento de preto de 30 millóns destinados a fortalecer o sector cultural.

A nova estratexia, aprobada onte polo Padroado da Fundación Cidade da Cultura, será presentada mañá no Parlamento galego polo secretario xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo. O plan é o resultado dun proceso de participación colectiva, no cal se desenvolveron mesas de traballo con expertos galegos, nacionais e internacionais e no que se consultou a cidadanía a través de enquisas en liña.

Este segundo plan estratéxico responde á necesidade de actualizar os obxectivos que afronta o Gaiás cando se cumpren dez anos da súa apertura ao público, momento que coincide co remate dunha fase marcada polos proxectos construtivos e pechada simbolicamente coa recente finalización das obras do Fontán. Este novo plan dá paso a unha etapa en que os recursos e os esforzos se concentrarán na expansión e intensificación da súa actividade.

Entre os grandes desafíos, o Gaiás prevé incrementar o seu impacto coa ambición de chegar ao 2027, duplicando o valor que achega a sociedade. En concreto, a estimación é que por cada euro de investimento público, o retorno sexa de 2,5 euros –tomando como punto de partida o estudo de contabilidade social realizado este ano en colaboración coa Universidade de Deusto-. Esta nova folla de ruta calcula tamén que continuará a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tendencia positiva no número de visitas, incrementándose nun 40 % en 2027 e chegando a situarse por riba das 1.400.000 nese ano.

Do mesmo xeito, debuxa unha previsión excepcionalmente positiva no incremento da capacidade deste equipamento para acoller eventos organizados por empresas, institucións ou organizacións sociais que acoden á Cidade da Cultura atraídas pola singularidade e polo equipamento dos espazos arquitectónicos. Neste punto, a previsión é de duplicar o número de eventos e superar os 500 ao ano.

Descentralizar a acción do Gaiás

Unha das principais novidades será a superación dos espazos físicos do Gaiás como escenario da súa actividade. A partir de agora, a Cidade da Cultura pasará a funcionar como unha produtora de contidos exportables a centros culturais de Galicia e de fóra da Comunidade, tal e como xa se comezou a facer co programa de itinerancias expositivas, pero coa previsión de estender este modelo de traballo a outras áreas, como as artes escénicas.

O apoio ao sector traducirase na consolidación da Cidade da Cultura como espazo de creación e non só de exhibición: acudir ao Gaiás non só para gozar de contidos culturais, senón para desenvolver proxectos. Nesta dirección, a estratexia prevé, entre outras accións, o impulso ao programa de residencias artísticas e a adecuación de espazos físicos xa existentes no complexo para transformalos en zonas de creación.

Artes dixitais

En canto ao programa cultural, nesta nova etapa cobrará unha especial relevancia o binomio creación e tecnoloxía e desenvolverase todo un eixo de traballo ao redor das artes dixitais, tanto desde o punto de vista da elaboración de contidos como o de ofrecer experiencias innovadoras para os visitantes, explorando novas vías creativas abertas polas novas tecnoloxías dixitais.

Este novo plan estratéxico prevé tamén un impulso ao Gaiás como plataforma internacionalizadora nunha dobre dirección: por un banda, para dar a coñecer ao exterior o mellor das nosas expresións artísticas, para tamén coa ambición de que Galicia conte cunha institución coa capacidade para emprender proxectos de cooperación con museos e institucións culturais de primeiro nivel, como aconteceu este ano coa exhibición de fondos do Museo Británico na exposición *Faraón. Rei de Exipto*.

O Gaiás sitúase tamén neste documento como unha das principais ferramentas do Goberno galego para impulsar a transformación do sector cultural a través de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

programas de formación, de promoción de experiencias pioneiras ligadas á dixitalización e do apoio ao emprendemento no eido das industrias culturais e creativas.

Este segundo plan integra e establece mecanismos para aproveitar as sinerxías derivadas das novas institucións residentes no edificio Fontán, especialmente no eixo da mellora do sistema universitario e do impulso aos estudos do patrimonio.

Conexión co Camiño de Santiago

A nova estrateixa presta especial atención a todo canto está conectado coa promoción da Cidade da Cultura como recurso turístico, mellorando a experiencia de visita, a súa comercialización, así como a conexión co Camiño de Santiago.

A Cidade da Cultura, que limita no seu perímetro sur coa Vía da Prata, achegará contidos á programación do Xacobeo, acollerá eventos relacionados co Ano Santo e contará no edificio Fontán cun centro especializado no eido dos estudos do patrimonio orientado de xeito especial á investigación e á posta en valor do Camiño.

Finalmente, esta nova estratexia fai fincapé no desenvolvemento das máis de 40 hectáreas verdes que rodean a Cidade da Cultura, con programas para o aproveitamento da súas potencialidades na conexión entre arte e natureza.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SANIDADE DESTINA DESDE O ANO 2009 MÁIS DE 50 MILLÓNS DE EUROS ANUAIS PARA A ATENCIÓN DE PACIENTES GALEGOS INFECTADOS POLO VIH

- En 2020 había 5.725 persoas a tratamento antirretroviral e o gasto nestes fármacos foi de 32,3 millóns de euros
- A Consellería de Sanidade realizará unha campaña divulgativa sobre VIH nos centros sanitarios, educativos e nas ONG, con motivo da celebración do Día mundial da sida

A Consellería de Sanidade destina, desde o ano 2009, máis de 50 millóns de euros anuais na atención de pacientes galegos infectados polo VIH, dos cales o 60 % son gastos en fármacos antirretrovirais. En concreto, en 2020 había 5.725 persoas a tratamento antirretroviral e o gasto nestes fármacos ascendeu a 32.213.935 euros. Estes datos despréndese do informe da Consellería de Sanidade, que hoxe abordou o Executivo galego na súa reunión semanal, referido á situación do VIH-sida en Galicia, con motivo da celebración do día mundial desta enfermidade, que se celebra o 1 de decembro, e que este ano ten por lema: "Pór fin ás desigualdades. Pór fin á sida. Pór fin ás pandemias".

Con tal motivo, o departamento sanitario galego colaborará na celebración desta xornada e fará unha campaña divulgativa sobre o VIH nos centros de ensino secundario e formación profesional de Galicia, os centros de atención primaria e hospitais do Sergas, as unidades de asistencia a drogodependencias, as institucións penitenciarias, os centros Quérote e as ONG que colaboran co Plan galego anti VIH/sida.

Esta campaña levarase a cabo en consonancia coa do Ministerio de Sanidade, facendo fincapé na loita contra a discriminación das persoas afectadas.

Tendencia á diminución

Ademais da campaña divulgativa, o departamento sanitario galego publicará o informe VIH e outras infeccións de transmisión sexual en Galicia 2021, no cal se recollen os datos da pandemia. Os indicadores máis destacados do informe reflicten que, no período 2004-2020, presentan unha incidencia de infección polo VIH de 6,5 casos por 100.000 habitantes, o que sitúa Galicia por baixo da incidencia anual española, que é de 10 infeccións. Nos últimos oito anos estase a apreciar unha tendencia á diminución da incidencia do VIH en Galicia, que pasou de 225 casos en 2012 a 105 en 2020, situándose sempre por baixo dos 7 casos ao ano por 100.000 habitantes (3,9 casos ano en 2020), e que foi moi inferior á do ano 2019 en España, último dato dispoñible, con 7,5 casos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No patrón epidemiolóxico da transmisión do virus predomina a vía sexual, cun 80 % dos casos. Sinalar que, ao longo dos anos, e sen variacións anuais significativas, o 48 % dos novos diagnósticos de infección presentan diagnóstico tardío. Estes datos resaltan a necesidade de seguir impulsando actividades para conseguir mellorar o diagnóstico precoz, cuestión que é prioritaria para obter o máximo beneficio, individual e colectivo, dos avances na prevención e no tratamento da infección polo VIH.

Sanidade remarca que, en ausencia dunha vacina preventiva e de tratamento curativo, a prevención segue a ser a estratexia fundamental de control da epidemia da infección polo VIH. Dado que as relacións sexuais non seguras son a principal vía de transmisión do virus na nosa contorna, as campañas preventivas neste eido acadan unha especial relevancia.

Campañas preventivas e iniciativas do Goberno galego

Son varias as campañas preventivas da Consellería de Sanidade que promoven o sexo seguro na nosa Comunidade. Entre elas inclúense as de difusión de mensaxes preventivas a través das redes sociais. Ademais, o Programa de promoción do preservativo distribúe gratuitamente este material a través de entidades colaboradoras. Pola súa banda, o programa Xente con Don proporciona ao alumnado de 3º e 4º da ESO, bacharelato e formación profesional (grao básico e medio) coñecementos básicos sobre as principais infeccións de transmisión sexual (ITS) e inclúe as medidas de prevención respecto delas.

Outras iniciativas do Goberno galego na prevención do VIH que se seguen a desenvolver na actualidade son o Programa de intercambio gratuito de xiringas e o Programa de venda subvencionada de kits de inxección hixiénica, que reduciron, dun xeito importante, a aparición de novos casos de VIH asociados á vía de compartir material de inxección de drogas.

Unha das medidas preventivas máis importantes no fomento do diagnóstico precoz do VIH en Galicia é o Programa de probas rápidas. Estas probas, de carácter gratuito e anónimas, empregan unha mostra de saliva e están accesibles a través de entidades colaboradoras situadas nas catro provincias galegas. Desde o comezo do programa (2011 a 2020) fixéronse 8.358 probas rápidas, das cales 125 foron positivas (1,5 %).

Xunto co anterior, en setembro deste ano, a Consellería de Sanidade publicou a sexta convocatoria dos premios de investigación sobre VIH e outras ITS, que están dotados cun importe de 3.000 euros e 1.500 para o primeiro e segundo premio. Ademais, no

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

presente ano, continúaase co Programa de profilaxe preexposición ao VIH, dirixido a un grupo de poboación cun risco moi elevado de adquirir a infección.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA SUMA UN NOVO FITO EN MATERIA DE SANIDADE ANIMAL AO SER DECLARADA OFICIALMENTE POLA COMISIÓN EUROPEA COMO REXIÓN LIBRE DE TUBERCULOSE BOVINA

- O Consello da Xunta acaba de coñecer hoxe o informe da Consellería do Medio Rural no cal se detalla esta declaración e os traballos levados a cabo para conseguila
- Galicia destinou desde o ano 2015 preto de 52 millóns de euros nas actuacións correspondentes aos programas de sanidade e produción animal, onde está incluído o Plan de erradicación da tuberculose bovina

O Consello da Xunta de Galicia acaba de coñecer hoxe o informe da Consellería do Medio Rural no cal se recolle a declaración formal de Galicia, o día 4 de novembro, como zona oficialmente libre de tuberculose bovina para a totalidade do seu territorio por parte da Comisión Europea, ao cumprírense os requisitos establecidos para tal fin pola normativa europea de referencia.

Así, cabe sinalar que o dito recoñecemento se solicitou en abril deste ano para as provincias da Coruña, Lugo e Ourense, xa que no ano 2019 a provincia de Pontevedra xa fora declarada libre desta enfermidade bovina, sendo a primeira provincia española non insular en acadar o estatuto de provincia oficialmente indemne de tuberculose bovina.

A consecución do estatuto de Galicia como oficialmente indemne á tuberculose bovina supón a identificación da nosa Comunidade como rexión do Estado, non só co maior censo de explotacións bovinas e líder no sector lácteo, senón tamén co maior estatuto sanitario en relación coas enfermidades suxeitas a programas oficiais de erradicación. Isto tradúcese nunha posición de clara vantaxe comercial nacional e internacional, tanto no comercio de animais bovinos vivos como dos seus produtos. Ademais, se temos en conta a alta calidade produtiva e xenética dos animais bovinos galegos, coa consecución deste estatuto sanitario podemos afirmar que a cabana bovina galega está no primeiro posto no podio estatal, sendo xa referente no mercado nacional.

Este fito é froito do duro traballo levado a cabo pola Administración galega, polos servizos veterinarios e polos propios gandeiros. Así, cabe sinalar que no ano 1990 -cando se comezou co Programa nacional de erradicación acelerada en España-, a Comunidade galega partía dunha prevalencia de tuberculose de rabaño bovino superior ao 11,79 % (case 12 rabaños infectados por cada 100 revisados), sendo de 0,03 % en 2020 (0,03 % de rabaños infectados por cada 100 revisados). Estes datos proban que Galicia traballou intensamente na erradicación desta enfermidade, cumprindo sempre cos obxectivos epidemiolóxicos marcados pola Comisión Europea. Ademais, convén destacar que -na actualidade- a prevalencia doutras rexións do centro-sur do país é aínda similar á que

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

existía en Galicia en 1990 e que, en 2020, a media nacional da prevalencia de rabaño foi do 1,61 %, é dicir, oitenta veces superior á existente en Galicia ese mesmo ano.

Mantemento deste estatuto

Co fin de manter este estatuto, a Xunta de Galicia aconsella evitar, na medida do posible, a entrada de reses externas nas explotacións. Neste senso, o Goberno galego aposta pola recría de reses na propia granxa como opción máis biosegura. De feito, convén establecer medidas de bioseguridade e hixiene na explotación, xa que repercuten favorablemente na sanidade e na produción animal.

Por último, desde a Consellería do Medio Rural recoméndaselles aos gandeiros a súa integración na Asociación de Defensa Sanitaria Gandeira, para así poder levar a cabo programas sanitarios complementarios que garantan a bioseguridade da explotación e revertan nun mellor estado inmune dos animais.

Probas diagnósticas para a detección da tuberculose

Ata agora, en todas as explotacións bovinas de reprodución (de aptitude cárnica, leiteira ou mixta), realízase un diagnóstico anual específico (intradermotuberculización) a todos os bovinos maiores de seis semanas, así como aos cabrúns que convivan con eles, se for o caso. En Galicia este diagnóstico sufrágao a Xunta de Galicia e corre a cargo de persoal veterinario acreditado e supervisado polos servizos veterinarios oficiais, é de balde para o sector gandeiro, o que non ocorre actualmente noutras comunidades autónomas ou países da Unión Europea, onde este gasto é compartido. De feito, desde o ano 2015, a Xunta leva investido preto de 52 millóns de euros nos programas de sanidade e produción animal, onde está incluído o Plan de erradicación da tuberculose bovina, entre outros.

En caso dunha granxa onde existan animais sospeitosos, realízase un estudo epidemiolóxico individualizado, co obxecto de decidir o destino deses animais sospeitosos e as restricións a que deben ser sometidos os establecementos. No caso de sacrificio dalgún animal da explotación, os gandeiros son indemnizados cunha axuda que ata agora era cofinanciada pola Unión Europea, conforme o baremo que establece o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA) na normativa estatal de referencia. Ademais, cómpre salientar que, nestes casos, Galicia sufraga con fondos propios unha liña de axudas complementarias para a reposición de animais sacrificados obrigatoriamente e para compensar o lucro cesante naquelas explotacións sometidas a baleiro sanitario.

Así, a Comunidade galega foi pioneira na implantación destas axudas complementarias - e case a única comunidade que as estableceu- e nelas radica un dos éxitos do programa de Galicia, xa que de xeito xeral as persoas gandeiras vían compensadas as perdas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ocasionadas polos sacrificios obrigatorios dos animais. Neste senso, cabe sinalar que a Xunta leva destinado nas últimas sete convocatorias anuais algo máis de 8 millóns de euros en axudas complementarias tanto para compensar o sacrificio de animais como para as axudas complementarias sinaladas.

Coa declaración de Galicia como rexión oficialmente libre da tuberculose bovina, os servizos veterinarios da Xunta de Galicia pasarán de desenvolver un programa de erradicación a executar un programa de vixilancia, de tal xeito que a partir de 2022 non será necesario revisar anualmente todas as explotacións, salvo aquelas consideradas de risco por teren antecedentes da enfermidade ou incorporaren animais doutras comunidades autónomas con maior presenza da enfermidade.

Galicia libre de brucelose

Respecto das outras enfermidades animais graves, obxecto de programas nacionais de erradicación cofinanciados pola Unión Europea, no ano 2013 Galicia cumpriu os obxectivos epidemiolóxicos requiridos e foi declarada tamén rexión oficialmente indemne de brucelose ovina e cabrúa. O resto dos territorios do Estado foron adquirindo paulatinamente este estatuto, de xeito que recentemente, en marzo de 2021 (oito anos máis tarde ca Galicia), a totalidade dos territorios do Estado acadaron ese estatuto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS DE GALICIA BENEFÍCIANSE DE PRETO DE 2,6 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA IMPULSAR A SÚA ACTIVIDADE

- A Xunta de Galicia destina preto de dous millóns de euros a subvencionar os investimentos realizados polas OPP na preparación e execución dos plans de produción e comercialización aprobados para o exercicio 2020 e 600.000 euros para a creación e o funcionamento destas entidades do sector
- Os plans elaborados polas organizacións de produtores pesqueiros inclúen medidas que contribúen á sustentabilidade e á competitividade da actividade pesqueira
- O Executivo galego destinou desde 2016 máis de nove millóns de euros en axudas ás OPP para apoiar a súa actividade, que contribúe a dinamizar as zonas costeiras e a impulsar o conxunto da economía de Galicia

O Consello da Xunta de Galicia analizou hoxe un informe sobre as resolucións das convocatorias de axudas de 2021 ás organizacións de produtores pesqueiros (OPP) do sector da pesca e da acuicultura de Galicia, que destinan preto de 2,6 millóns de euros a impulsar a súa actividade. Ese investimento, cofinanciado co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), repártese en preto de dous millóns de euros de apoio para a preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización, aprobados e executados durante 2020, e 600.000 euros de achega para a creación e o funcionamento de novas OPP.

Das achegas para os plans de produción e comercialización beneficianse oito organizacións de produtores pesqueiros e, das de creación, tres entidades que non chegan aos cinco anos de actividade. As subvencións para os plans das OPP permiten financiar os investimentos realizados durante o período de execución do plan, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020, así como os derivados da súa preparación. Entre os gastos subvencionables están os de persoal, material, equipamento ou desprazamentos vencellados ao desenvolvemento destes programas de traballo do sector.

Os plans de produción e comercialización das OPP inclúen, entre outros aspectos, o programa de produción para as especies capturadas ou criadas, a estratexia para adaptar a cantidade, calidade e presentación da oferta ás exixencias do mercado e medidas preventivas especiais de adaptación da oferta para as especies que presentan dificultades de comercialización durante o ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, recollen as medidas establecidas no regulamento da Organización Común de Mercados de cara á sustentabilidade pesqueira. Entre outros aspectos, fomentan as actividades pesqueiras viables e sustentables, contribúen a evitar e reducir as capturas non desexadas das poboacións comerciais, favorecen a eliminación da pesca ilegal, non declarada e non regulamentada e melloran a introdución no mercado dos produtos da pesca e da acuicultura. Tamén contribúen á rastrexabilidade dos produtos da pesca, á rendibilidade económica e a reducir o impacto ambiental da pesca.

Algúns exemplos das actuacións que inclúen os plans que reciben axuda este ano -para proxectos desenvolvidos xa en 2020- son as relacionadas coa mellora da conectividade dos buques con terra, a preparación da frota para os efectos do Brexit, a protección e formación ante a covid-19, a selectividade das artes de pesca e a redución das capturas non desexadas, o estudo da pegada de carbono do sector ou as accións para mellorar a comercialización e a rastrexabilidade dos produtos da pesca e da acuicultura.

A orde deste ano incluíu como novidade que a axuda financeira anual aos plans de produción e comercialización das OPP pode ser de ata o 12 % do valor medio anual da produción da OPP durante os tres anos naturais anteriores á resolución da aprobación do plan. Trátase dunha porcentaxe que cuadriplica a vixente en anos anteriores (3 %) froito dos cambios no FEMP para adaptarse ás dificultades derivadas da alerta sanitaria polo coronavirus e co obxectivo de impulsar a actividade do sector marítimo-pesqueiro.

Con estas achegas á creación e ao desenvolvemento das follas de ruta das OPP a Xunta reflicte a súa aposta polo reforzo das estruturas destas organizacións, que contribúen a que o sector gane en competitividade, a dinamizar as zonas costeiras e a impulsar a economía de Galicia. Sumando as axudas das convocatorias deste ano, a Administración galega concedeu desde 2016 máis de nove millóns de euros para apoiar a actividade das organizacións de produtores pesqueiros.

As organizacións de produtores

Galicia conta con 13 das 39 OPP existentes en España -delas oito son de ámbito autonómico galego e cinco de carácter nacional e transnacional- e foi a primeira comunidade autónoma de España en publicar a convocatoria para financiar a preparación e o desenvolvemento dos plans de produción e comercialización destas entidades ao abeiro do FEMP.

O marco normativo europeo actual reforza as actividades das organizacións profesionais da pesca e da acuicultura e facilita a axuda financeira necesaria para que poidan desempeñar un labor máis importante na xestión da pesca, exercendo as súas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actividades pesqueiras e da acuicultura de forma sustentable e mellorando a comercialización dos produtos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

